



Concello de Mugaros  
(A Coruña)

**D. DIEGO SEIJO ALONSO, Secretario accidental do Concello de Mugaros (A Coruña) (nomeamento efectuado pola Resolución da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e ao abeiro do establecido na Resolución núm. 2024-0865, de data 23.07.2024).**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día oito de agosto do ano dous mil vinte e catro, adoptou, entre outros, o seguinte acordo, a parte dispositiva do cal é a seguinte:

**“2.- CONTRATACIÓNS.- EXPEDIENTE 610/2024. APROBACIÓN EXPEDIENTE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ALMORZO E XANTAR E O DE MONITORES/AS COIDADORES/AS DE COMEDORES ESCOLARES MUNICIPAIS.** Expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 610/2024 no que con data 07.08.2024 achégase proposta da Alcaldesa accidental do Concello de Mugaros, Dna. Ana María Varela Bastida (delegación de competencias por resolución da alcaldía núm. 2024-0898 do 31.07.2024):

*“Visto que o expediente tramitado para a contratación do servizo epigrafiado cumpre os requisitos establecidos no artigo 116 de LCSP ao constar incorporados ao mesmo o informe de insuficiencia de medios, a providencia de inicio, os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.*

*Tendo en conta os informes emitidos pola secretaría e intervención municipais, obrantes no expediente, PROPÓNSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

**PRIMEIRO.-** *Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto , para o servizo de almorzo e xantar e o de monitores/as de comedores escolares municipais, convocando a súa licitación.*

**SEGUNDO.-** *Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato de data 01.08.2024.*

**TERCEIRO.-** *Aprobar o gasto, con cargo ás partidas 231/22799 e 326/22799 do orzamento vixente, da contratación seguidamente relacionada:*

<b>DENOMINACIÓN DO SERVIZO</b>	<b>TIPO DE LICITACIÓN</b>
<b>SERVIZO DE ALMORZO E XANTAR E MONITORES/COIDADORES DO COMEDOR ESCOLAR MUNICIPAL</b>	<b>110.743,59 €, IVE incluído</b>

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugaros  
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





**Concello de Mugar dos**  
(A Coruña)

**CUARTO.-** Comprometerse a consignar no orzamento de 2025, e no seu caso 2026, o importe necesario para facer fronte ao gasto que puideran derivar do contrato.

**QUINTO.-** Dar conta do presente acordo a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

**SEXTO.-** Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**SÉTIMO.-** Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.”

Non subcitándose debate algún, en votación ordinaria, por tres votos a favor dos/as concelleiros/as presentes sendo catro o seu número total de membros, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das facultades delegadas pola Alcaldía por RA nº 2023-0616, de 26 de xuño de 2023 a partir do establecido na DA 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, adoptou o seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto , para o servizo de almuerzo e xantar e o de monitores/as de comedores escolares municipais, convocando a súa licitación.

**SEGUNDO.-** Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato de data 01.08.2024.

**TERCEIRO.-** Aprobar o gasto, con cargo ás partidas 231/22799 e 326/22799 do orzamento vixente, da contratación seguidamente relacionada:

<b>DENOMINACIÓN DO SERVIZO</b>	<b>TIPO DE LICITACIÓN</b>
SERVIZO DE ALMORZO E XANTAR E MONITORES/COIDADORES DO COMEDOR ESCOLAR MUNICIPAL	110.743,59 €, IVE incluído





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**CUARTO.-** Comprometerse a consignar no orzamento de 2025, e no seu caso 2026, o importe necesario para facer fronte ao gasto que puideran derivar do contrato.

**QUINTO.-** Dar conta do presente acordo a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

**SEXTO.-** Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**SÉTIMO.-** Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.”

E para que conste e produza os efectos oportunos, e á reserva do disposto no artigo 206 do R.O.F., asíñase dixitalmente polo secretario accidental da Corporación, co visto e prace da sra. Alcaldesa accidental, Dna. Ana María Varela Bastida por delegación da alcaldía núm. 2024-0898 do 31.07.2024, na data que figura á marxe.

